



FALADOIROS!



2025-2026



AULA LARANXA 4 ANOS A

FALADOIRO DE NOVEMBRO

EN NOVEMBRO, NA NOSA AULA, DISFRUTAMOS DUNHA DIVERTIDA SESIÓN DE PERRUQUERÍA DA MAN DE JACKIE, A MAMÁ DE AARÓN .
NON FALTOU DETALLE : TRENZAS CON FÍOS DE CORES, TUPES, TOQUES DE COR.



FALADOIRO DE DECEMBRO

En decembro, Jessica, a mamá de Vera, veu a contarnos un precioso conto escrito por ela, no que o sol pide axuda aos nosos nenos e a nosa mascota Pepe para axudar aos planetas cun problema que estaban tendo. Unha viaxe galáctica chea de emoción, diversión e movemento. Ademais, regalounos un bonito chaveiro dun astronauta e un montón de pegatinas dos planetas




FALADOIRO DE XANEIRO

En xaneiro, dentro dos faladoiros, os nenos da aula laranxa tiveron a sorte de asistir a unha clase de inglés moi especial impartida por Zeltia, a mamá de Mariña que é profesora de Filoloxía Inglesa na USC, e a nosa teacher Patri. A sesión estivo chea de actividades: bailes para ir quentando, xogos, contos e ata loga.



FALADOIRO DE FEBREIRO

En febreiro, Anxo, o papá de Breixo, veu falar nos da luz do sol. Explicounos que a luz do sol é en realidade unha luz branca, composta por todas as cores do arco da vella. Tamén nos comentou que cando pasa por un material transparente (un prisma) ou pingas de auga, se refracta e separa nas súas cores compoñentes: vermello, laranxa, amarelo, verde, azul, añil e violeta, un fenómeno coñecido como dispersión. Tamén fixemos experimentos coa luz e gustáronnos tanto que quixemos escribilos para poder facelo nas nosas casas.



FALADOIRO DE MARZO

EN marzo, visitounos Conchi, a mamá de Lía. Veu a contarnos o conto "Daniela pirata", con motivo da semana do 8 de marzo. Este conto é un referente en literatura infantil para traballar a coeducación e o feminismo, rompendo os estereotipos de xénero que tradicionalmente exclúen ás nenas de roles de acción e liderado. Ademais, regalounos a cada un un boneco de madeira personalizado, un detalle moi especial que nos fixo moita ilusión




FALADOIRO DE MARZO

En marzo tamén veu Alba, a mamá de Marc contounos o conto "A pequena eiruga larpeira", o entrañable clásico infantil de Eric Carle. A historia levounos a percorrer o ciclo da vida dunha eiruga, desde que nace dun pequeno ovo un domingo pola mañá ata a súa maravillosa transformación en bolboreta. Despois, pintamos nosa propia eiruga con globos, o que fixo a actividade aínda máis divertida e creativa. Para terminar, Alba sorprendeunos cunha chea de adhesivos que nos encantaron.



FALADOIRO DE ABRIL

En veu Diogo, o papá de Gabi, que é profesor de Física na universidade, para darnos unha clase sobre a gravidade e o método do modo lineal. Foi un faladoiro moi práctico no que, a través de diversos experimentos, puidemos comprender mellor que é a gravidade e como funciona o método do modo lineal.



FALADOIRO DE ABRIL

En abril María, a nai de Máriam, tamén veu visitarnos para contarnos, en formato de conto, a historia de Valentina Tereshkova, a primeira muller en viaxar ao espazo. Aprendemos tamén algunhas curiosidades moi interesantes: que antes de ser astronauta traballaba nunha fábrica téxtil, que lle gustaba moito saltar en paracaídas e que realizou o seu voo espacial en solitario a bordo da nave Vostok 6. Ademais, converteuse nun símbolo de valentía e superación para moitas persoas en todo o mundo.

Para rematar a visita, María regalounos a cada un de nós un bonito paracaídas

